

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 ✻ 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Galicia Encantada: 20 anos de travesía virtual

Galicia Encantada: 20 anos de travesía virtual

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 ✻ 2025

O vindeiro 5 de marzo de 2025, a web
*Galicia Encantada: Enciclopedia da
Fantasía Popular de Galicia* cumprirá 20
anos de travesía virtual.

Galicia Encantada naceu en marzo de 2005, aproveitando as posibilidades que ofrecía xa daquela a rede internet, para comunicar, estudar, divulgar e preservar para o futuro o noso patrimonio oral inmaterial, centrándose especialmente na literatura de tradición oral.

Galicia Encantada foi concebida desde os seus inicios como un ferramenta interactiva e dinámica, colaborativa e aberta gratuitamente a todas aquelas persoas de calquera parte do mundo que tivesen interese en coñecer a nosa cultura oral. Recibiu e recibe milleiros de consultas.

Desde os inicios publicáronse máis de 3000 arquivos e contamos coa colaboración de varias dúzias de colaborador@s que desinteresadamente foron achegando textos e notas de interese para os obxectivos da web.

Nestes 20 anos, foi consultada por milleiros de persoas de todo o mundo, foi usada como recurso didáctico para manuais escolares e nas aulas, tanto polo profesorado como polo alumnado de numerosos centros. Serve, ademais, como arquivo documental para proxectos creativos moi variados, desde o deseño de xogos baseados na nosa mitoloxía popular e na literatura galega de tradición oral até traballos universitarios.

Creou e mantén este proxecto, o escritor e investigador, Antonio Reigosa, co apoio técnico da empresa Desarrollos Lugonet e a excelente imaxe gráfica de Noemí López.

Galicia Encantada non contou nin conta con patrocinio de ningún tipo, nin público nin privado.

Sobre os contidos de Galicia Encantada impartíronse varios relatorios en diferentes xornadas e cursos de formación, tamén se publicaron numerosos artigos e dous libros: “Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías” e “Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres e dos lugares que a habitan”.

Galicia Encantada prosegue a súa andaina coa incorporación de novas achegas.

Xaneiro de 2025

Documentación: [Artigos en Dialnet](#)

Contacto para máis información: Antonio Reigosa, creador e coordinador / antonioreigosa@gmail.com